



BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA A TRAVÉS DO INSTAGRAM DE GALICIENCIA

PARTICIPANTES

O concurso está aberto a todo o alumnado e profesorado de secundaria, bacharelato e FP dos centros educativos de toda España.

TEMÁTICA

O certame organízase con motivo da celebración da Galiciencia ONLINE 2021 baseándose na temática de referencia desta edición: ***A innovación pos-COVID a través da revolución do talento***, polo que, partindo dun enfoque conceptual libre e aberto, as fotografías deben ter como punto de referencia calquera obxecto ou contorna relacionados coa temática en cuestión.

CONDICIÓN E FORMATOS

- O número máximo de fotografías por persoa que se poderán presentar será de 3.
- As fotografías presentaranse en branco e negro ou color.
- Os participantes deberán ser os/as autores/as das obras presentadas.
- Deberán de presentarse a través da rede social Instagram etiquetando a Galiciencia a través do hastag (etiqueta) #concursogalicienciaonline2021

PRESENTACIÓN DAS OBRAS

- Todos os participantes que desexen tomar parte neste concurso deberán:
 1. Seguir o Instagram de Galiciencia.
 2. Subir as súas fotografías a través da rede social Instagram etiquetando a Galiciencia co hastag (etiqueta) #concursogalicienciaonline2021
 3. Poner un título á fotografía e o centro educativo ao que pertencen.
 4. O prazo de presentación das fotografías é desde o **12 de abril do 2021 ata o 28 de maio do 2021**.

XURADO

O xurado será asignado pola organización entre persoas expertas na materia.



Xacobeo 2021

tecnopole



FECYT





RESOLUCIÓN

A resolución do xurado farase pública o día 4 de xuño do 2021 e publicarase nas nosas canles (web galiciencia, facebook e Instagram).

A resolución do concurso é inapelable.

PREMIO

Diploma e un obsequio para o ganador/a do concurso.

PROPIEDAD

Todas as obras premiadas quedarán en propiedade do PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, quen se reserva o dereito da súa exposición, reprodución ou publicación, sen que isto supoña perda da autoría das fotografías, cedendo os dereitos de reprodución, exposición e explotación non remunerada, pasando a incrementar o patrimonio cultural, sen que estas poidan ser obxecto de compravenda.

OBSERVACIÓNS

- O feito de participar no presente concurso implica a aceptación total das bases.
- A organización non se responsabilizará da non chegada das obras ao seu destino.
- As obras que non cumpran as condicións de presentación non entrarán en concurso.